



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

DON JOSE PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, PROVINCIA DE LUGO,

INFORMA:

Que está aberto o prazo para tramitar a **prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de tres anos para o ano 2007. (D.O.G. nº 66 , martes 3 de abril de 2007).**

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan ao seu cargo fillos/as menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2007 (nados entre o 2-1-2004 e o 1-1-2007, inclusive) e que, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2005, nin elas nin ningún dos membros da unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a este período.

O prazo de presentación remata o día 12 de maio de 2007.

Para máis información poden pasar polo Concello en horario de oficina de 9 a 14 horas, pola oficina de servizos sociais.

En Outeiro de Rei a 9 de abril de 2007.